



**RESOLUCION**  
**REF: IMATH09-TS2**  
**Publicación: 9 de xaneiro de 2010**

Tras a Resolución de data 12.02.2010, publicada na páxina web do CESGA na sección emprego, en que se propón ao candidato **D. Marco Antonio Campo Cabana** para o posto de Técnico Superior de Proxecto IMATH, por obter a máxima puntuación, recíbese escrito de **RENUNCIA** de data 19 de febreiro.

Á vista do escrito recibido a **Comisión de Selección resolve propor a Dna. Guadalupe Parente Morales** para o posto de **Técnico Superior de Proxecto IMATH (Ref.: IMATH09-TP2)** por resultar ser a primeira na lista de agarda ao obter a seguinte puntuación máis alta neste proceso de selección, tras a renuncia do primeiro.

A candidata seleccionada deberá presentar no prazo de 3 días naturais a seguinte documentación:

- a) Fotocopia compulsada do D.N.I. ou pasaporte e do permiso de conducir.
- b) Fotocopia compulsada do título esixido no punto 4.3 das bases ou documento que acredite fidedignamente a posesión do correspondente título académico.
- c) Orixinal para a súa comparación do certificado do expediente académico no título esixido no punto 4.3 das bases da convocatoria.
- d) Orixinal da xustificación dos méritos alegados para a súa comparación.
- e) Orixinal para a súa comparación do título de CELGA 4 ou do título de perfeccionamento na lingua galega ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística, ou certificado da Fundación CESGA ou SAX CESGA no que se acredite a obtención da calificación de APTO, se é o caso.
- f) Orixinal para a súa comparación da titulación de inglés, no caso de que se presentara, ou certificado da Fundación CESGA ou SAX CESGA no que se acredite a obtención da calificación de APTO no nivel esixido.

Para calquera consulta ou aclaración chamar ao tlfno. 981 569810 (Pilar Iglesias) ou enviar a [emprego@cesga.es](mailto:emprego@cesga.es).

En Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2010



Asdo.: Peregrina Quintela Estévez  
Presidenta Comisión de Selección